



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxía

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CAMARIÑAS, MUXÍA E VIMIANZO PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "2026 CAMUVI FORESTAL" (ORDE DO 14/11/2025, DOG NÚM. 228, DO 25/11/2025)

En Vimianzo,

REUNIDOS

- Dna. Sandra Insua Rial, alcaldesa do Concello de Camariñas, con DNI 79 321 276 A.
- D. Francisco Javier Sar Romero, alcade do Concello de Muxía, con DNI 32 798 195 B.
- Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo, con DNI 79 324 409 P.

Actúan en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio e para tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Con data do 25/11/2025, publicouse no DOG núm. 228 a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR353A).

SEGUNDO.- Dita orde establece no seu artigo 3 os requisitos para ser beneficiarias da subvención e contéplase que a solicitude pode ser presentada por agrupacións de concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua. No punto 3.2. indícase que os concellos deberán ter unha media de paro rexistrado no ano 2024 superior a 300 persoas no ámbito territorial do proxecto. Este requisito do número mínimo de persoas desempregadas non será de aplicación cando a solicitude agrupe, cando menos, tres concellos.

TERCEIRO.- Tendo en conta a realidade sociodemográfica destes concellos limítrofes, as tres administracións aprecian a necesidade de realizar un obradoiro de emprego conxunto que abarque os respectivos ámbitos territoriais, dadas as evidentes necesidades de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que lle posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

CUARTO.- Considerando o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 47 e 48, e os artigos 140, 143 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, no marco das súas respectivas competencias, os concellos de Camariñas, Muxía e Vimianzo concretan as súas actuacións no marco do presente Convenio de



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxía

Colaboración para levar a cabo a solicitude e demais actuacións para a execución conxunta dun obradoiro de emprego nos termos da citada Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025.

Visto canto antecede, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración coas cláusulas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto determinar as condicións polas cales se levará a cabo, no sucesivo, a colaboración entre os concellos de Camariñas, Muxía e Vimianzo, para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun obradoiro de emprego nos termos da citada Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025. Figura unha ficha resumo do proxecto no Anexo.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación circunscríbese aos termos municipais dos tres concellos, territorios nos cales se desenvolverá o proxecto nomeado "2026 CAMUVI FORESTAL".

TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES

O Concello de Vimianzo será a entidade promotora, responsable técnica e administrativa da xestión do convenio de colaboración para solicitar e levar a cabo de forma conxunta un obradoiro de emprego nos termos da citada Orde, representando aos tres concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia. A tal efecto, os tres concellos adoptarán os acordos necesarios para a aprobación do proxecto e solicitude de subvención.

O Concello de Vimianzo procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e correspóndelle a súa xestión integral.

O alumnado traballador, así como o equipo directivo, docente e administrativo de apoio que se contrate ao abeiro da citada orde, estará vencellado ao Concello de Vimianzo, entidade promotora do proxecto.

Cada un dos tres concellos deberá aprobar as actuacións concretas a realizar no seu termo. Así mesmo, deberán certificar a dispoñibilidade dos bens nos que se desenvolverán as actuacións e as fontes de financiamento propias para as actuacións do seu concello que non sexan financiados pola Xunta de Galicia.

Os tres concellos asumen todas as obrigas contempladas na Orde do 14 de novembro de 2025 e comprométense a procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas participantes no proxecto.

CUARTA. FINANCIAMENTO

Os concellos de Muxía, Camariñas e Vimianzo comprométense a garantir o financiamento correspondente á parte do proxecto non subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade. O reparto realizarase da seguinte forma:

- Cada concello asumirá a parte proporcional correspondente dos gastos comúns non subvencionables, entendendo como tales os bens e servizos non susceptibles de imputación a un dos concellos unicamente. Tamén se consideran aquí os custos que exceden do importe subvencionado dos gastos elixibles comúns.
- Cada concello asumirá a totalidade de gastos non comúns que correspondan a material utilizado ou servizos prestados unicamente no seu marco territorial.



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxía

Dentro destes gastos non subvencionables entenderanse incluídos, entre outros, os seguintes:

- 1) Indemnizacións por asistencia aos tribunais de selección.
- 2) Indemnizacións por morte ou de acción social previstas no convenio colectivo da entidade promotora, e as correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos, cesamentos e finalización de contratos, así como o importe do pagamento da retribución correspondente ao período das vacacións anuais non gozadas durante a duración do proxecto formativo.
- 3) Os gastos de investimento, tales como a adquisición de inmobles, instalacións, maquinaria e equipamentos.
- 4) Os alugueres de edificios, locais, naves, aulas ou o seu acondicionamento, sempre que non sexa resultado da práctica profesional do alumnado traballador participante.
- 5) Os gastos financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos.
- 6) Outros gastos non subvencionados.

Para a clasificación dos gastos como “común” ou “non común” atenderase ao informe elaborado a tal efecto pola persoa responsable da dirección do Obradoiro de Emprego, cada tres meses. Acompañará a este informe unha relación certificada das facturas correspondentes aos gastos comúns non subvencionados do Obradoiro presentadas no Concello de Vimianzo, asinada pola Intervención.

Os concellos de Camariñas e Muxía transferirán ao Concello de Vimianzo a totalidade da súa achega no prazo de un mes, contado desde a recepción dos informes citados.

No Anexo a este convenio figura a memoria económica que recolle o orzamento de gastos e ingresos e as fontes de financiación.

QUINTA.- NATUREZA ADMINISTRATIVA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no que non apareza regulado nelas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA.- SEGUIMENTO E CONTROL

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante político e outro técnico de cada un dos concellos asinantes.

SÉTIMA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio está condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para a execución do Obradoiro dual de emprego “2026 CAMUVI FORESTAL” ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR353A). Estenderase ata a liquidación do expediente por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Respectando o artigo 49.h da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, este convenio ten unha duración máxima de catro anos e, antes da súa finalización, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

As persoas comparecentes asinan dixitalmente este documento ante o secretario xeral do Concello de Vimianzo, D. Francisco Javier Novoa Juíz, quen da fe do acto

- Dña. Sandra Insua Rial, alcaldesa do Concello de Camariñas
- D. Francisco Javier Sar Romero, alcalde do Concello de Muxía



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxia

- Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxía

ANEXO

FICHA RESUMO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO

DENOMINACIÓN	
2026 CAMUVI FORESTAL	
ÁMBITO XEOGRÁFICO	
Camariñas, Muxía e Vimianzo (agrupación de concellos)	
SOLICITANTE EN REPRESENTACIÓN DA AGRUPACIÓN	
Concello de Vimianzo	
ESPECIALIDADES	
AGAR0309 - ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES MAMR0108-MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERÍA	
NÚMERO DE ALUMNOS TRABALLADORES/AS: 20	
PERSOAL	
• 1 director/-a (xornada completa) • 2 docentes de especialidade (xornada completa) • 1 administrativo/a (media xornada) • 1 titor/a (xornada completa)	
ACTUACIÓNS	
1) Actuacións en Camariñas 2) Actuacións en Muxía 3) Actuacións en Vimianzo	
DATA DE INICIO	DATA DE FIN
20/05/2026	19/02/2027
HORAS TOTAIS/DURACIÓN	
1440 (9 meses)	
ORZAMENTO	
490.527,97 euros + Incentivos á contratación	



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxia

MEMORIA ECONÓMICA DE SOLICITUDE

ORZAMENTO DE GASTOS

A) Contratación persoal directivo, docente e de apoio

· Soldos e salarios

Director/a	24.750,00 €
Docentes	42.840,00 €
Persoal administrativo (media xornada)	7.875,00 €
Outros (titor/a)	21.420,00 €

TOTAL	96.885,00 €
--------------	--------------------

· Cota patronal Seguridade Social

Director/a	8.271,45 €
Persoal docente	14.317,13 €
Persoal administrativo	2.631,83 €
Outros (titor/a)	7.158,56 €

TOTAL	32.378,97 €
--------------	--------------------

TOTAL A)	129.263,97 €
-----------------	---------------------

B) Contratación alumnos/as traballadores/as

Soldos e salarios	248.640,00 €
cota patronal SS	31.048,00 €

TOTAL B)	279.688,00 €
-----------------	---------------------

C) Gastos de funcionamento e xestión

Medios didácticos	6.000,00 €
Material de consumo formación	21.576,00 €
Material de oficina	2.000,00 €
Gastos xerais (com., transp., etc)	6.000,00 €
Amortizacións	- €
Póliza RC	1.000,00 €
Outros	45.000,00 €

TOTAL C)	81.576,00 €
-----------------	--------------------

GASTOS TOTAIS A) + B) + C)	490.527,97 €
-----------------------------------	---------------------



Concello de
Camariñas
A Coruña



Concello
de
Muxía

ORZAMENTO DE INGRESOS

	TOTAL	Gastos comúns	Gastos non comús
Entidades promotoras	45.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €
Concello de Vimianzo	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
Concello de Muxía	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
Concello de Camariñas	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
Autofinanciamento	- €		
Outras fontes de financiamento	- €		
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	445.527,97 €		

TOTAL	490.527,97 €
--------------	---------------------

CÁLCULO DE SUBVENCIÓN DA XUNTA					SOLICITUDE PROXECTO
	HORAS	ALUMNOS	IMPORTE	MAXIMO	
MÓDULO A	1440	20	4,49	129.312,00 €	129.263,97 €
MODULO B	1440	20	1,27	36.576,00 €	36.576,00 €
GASTOS ALUMNADO				279.688,00 €	279.688,00 €
SUMA XUNTA				445.576,00 €	445.527,97 €
CONCELLOS					45.000,00 €
SUMA (XUNTA+CONCELLOS)					490.527,97 €

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN

Incentivos á contratación		4500	6	27.000,00
Diagnose xustificativa				2000,00